

RECOMENDACIÓN DE SEGURIDADE

- A proba **descorre na súa maior parte polo casco urbano de Corrubedo**, delimitado polo mar na parte sur e sueste. É preciso prestar atención nas zonas de area e rochas para evitar caídas.
- **O tráfico non estará cortado.** Na parte inicial os percorridos discorren a un lado e outro dunha rúa por onde saen os vehículos da zona portuaria. Os corredores han de prestar moita atención á hora de cruzar esta rúa. Haberá xente da organización controlando o tráfico e vixiando que se cumpra esta norma. Cabe lembrar que os corredores teñen a consideración de “peóns” a efectos legais, polo que teñen a **obriga de respectar en todo momento o Regulamento General de Circulación.**
- **Atención especial ós peóns** que nos poidamos atopar pola zona urbana. Soe haber bastantes turistas.
- **Estrada AC-303:** O casco urbano de Corrubedo está limitado ó norte por dita estrada que é a que máis tráfico soporta na zona. A zona de competición non comprende dita estrada, polo que **queda prohibido cruzar ou avanzar pola estrada AC-303. No mapa aparecerá esta estrada e un pequeno anaco ó outro lado da mesma, pero cuberta toda a estrada co símbolo 709 (Área prohibida).** Pódese avanzar polas beirarrúas de dita estrada para ir de un control a outro (en ningún caso sería a mellor opción).
- **A zona de corentena queda ó outro lado da estrada AC-303** polo que haberá que cruzala máis de unha vez, sempre fóra de competición, para ir desde a Pre Saída ata a Saída, para ir desde a Meta á Secretaría ou para acceder ó Aparcadoiro. Membros da organización e de Protección Civil vixiarán a nosa seguridade e darán indicacións para cruzar a estrada. **Obrigatorio seguir as súas indicacións.**
- **Dependendo da meteoroloxía e da zona pola que transitemos** (rúas empedradas, area, rochas,...) **podemos atoparnos con zonas mais ou menos esvaradías** onde será preciso prestar unha maior atención. **Recoméndase utilizar calzado con bo agarre.**
- Por motivos de seguridade **non está permitido facer a proba con animais de compañía.**
- Predición meteorolóxica Concello de Ribeira en [Meteogalicia](#) con **temperaturas altas e ventos moderados** → **Preciso hidratarse e protexerse do sol.**

